



**CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA**

**ANUNCIO**

A instancia de *Adegas Gran Vinum* estase tramitando a legalización e ampliación das súas instalacións na parcela con referencia catastral 36061A021005020000LP, sita no lugar de Rego do Alcalde, San Miguel de Deiro, para adicalo á mesma actividade vinculada á bodega e cunha altura máxima sobre a rasante de 6,43 metros e 747,16 metros cadrados de ocupación, segundo proxecto técnico.

Así, e de conformidade co trámite previsto nos artigos 38 b) Lei 2/2016, do 16 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e 56 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RSG), se somete o expediente a información pública durante o prazo de un (1) mes a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión no municipio.

O expediente poderá ser consultado na área de urbanismo do Concello, sita na Casa Consistorial, 2ª planta (Praza do Concello núm. 1), de luns a venres, agás festivos, en horario de 09:00 a 13:00.

En Vilanova de Arousa, a 12 de xullo de 2018  
O ALCALDE

D. Gonzalo Durán Hermida